

Xosé Lois Jácome Enríquez, Deputado do Grupo Mixto (Coalición Son), no seu nome propio e en nome da Marea de Pontevedra, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no pleno da Deputación de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O grande hábitat conformado polo espazo marítimo intermareal da Ría de Pontevedra non pode seguir sendo agredido nin urbanística nin paisaxística nin ambientalmente.

Dado o seu valor como gran rexenerador natural da contorna, non poden manterse por máis tempo as agresións que sofre: a contaminación da auga, a especulación urbanística e, tamén si, a presión de múltiples infraestruturas. Estas últimas son agresións que ata agora contan co consentimento, cando non coa participación directa, de todas as administracións (Ministerio de Fomento, Xunta de Galicia, Deputación Provincial e Concello de Pontevedra).

Parte da solución a esta grave desfeita pasa, en primeiro lugar, por mudar a mentalidade estritamente localista, tamén e principalmente no ámbito ambiental, xa que a natureza non entende de lindes administrativos nin de fronteiras. Neste sentido, propoñemos impulsar no seo da Deputación un compromiso ambiental eficaz e real, deseñando unha planificación comarcal que dea respostas coordinadas a desafíos inviables se non se acometen desde a colaboración.

É evidente que as xunqueiras teñen un valor ambiental determinante para a depuración natural das augas e mais por ser o hábitat dunha fauna moi rica e a referencia nas migracións de moitas aves. Entendemos que non pode repetirse o que se fixo coa Xunqueira do Lérez, desecada e edificada tras sometela a recheos que ocuparon tres cuartas partes da súa superficie (zona escolar, recinto feiral). É vital, xa que logo, entender a Xunqueira de Alba como

un todo superior aos 483.000 metros cadrados polos que actualmente se estenden as súas marismas, e esa superficie debe ser ampliada cos 170.000 metros cadrados que aínda ocupan naves e instalacións das distintas administracións (Imprenta provincial, Parque de maquinaria da Deputación, Parque móbil de ministerios, Xefatura de Tráfico...), que debían dar exemplo trasladándose a lugares máis axeitados.

PROPOSICIÓN

- 1- A Deputación renuncia expresamente a pedir unha ampliación da concesión dos terreos que actualmente ocupan a Imprenta Provincial e o Parque de Maquinaria do organismo provincial.
- 2- A Deputación comprométese a desmantelar esas instalacións e trasladalas a un lugar menos daniño ambientalmente.
- 3- A Deputación colaborará co concello de Pontevedra no deseño e desenvolvemento dun plan que permita ampliar os 483.000 metros cadrados polos que se estende a Xunqueira de Alba coa suma dos 170.000 metros cadrados ocupados por concesións públicas.

Pontevedra, 11 de novembro de 2015

Xosé Lois Jácome

Deputado Provincial Grupo Mixto (Coalición Son)

